

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 26 DE DECEMBRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 9:10 horas do día 26 de decembro de 2012, baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá, dona Rita María Couto Seijido e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiu o concelleiro don José Antonio López Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

PUNTO PRIMEIRO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de decembro de 2012 por 4 votos en contra (2 do do grupo municipal do BNG, 1 voto do grupo municipal socialista, 1 voto do grupo municipal mixto) e 3 votos a favor do Grupo municipal PP:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DE LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO

O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as **Corporacións Locais aprobarán**, nos seus respectivos ámbitos, **un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto**, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Respecto á coherencia coa **regra de gasto**, de acordo co artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, a variación do gasto computable das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, salvo que exista un equilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido. De acordo cos seguintes apartados do artigo, o gasto computable ascende a 8.144.952.35 euros, calculados como segue:

Empregos non financeiros 2012 (1)	9.163.479,12 €
Intereses da débeda (2)	111.500,00 €
Gasto financiado con fondos finalistas (3)	937.026,77€
Axustes SEC (4)	0.00€
GASTO COMPUTABLE (5) ((1)-(2)-(3)-(4))	8.114.952,35 €

- (1) Consignacións iniciais dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos do Orzamento Xeral do Concello para 2012
 (2) Consignación inicial do Capítulo 3 do estado de gastos do Orzamento Xeral do Concello para 2012
 (3) Previsión inicial dos Capítulos 4 e 7 do estado de ingresos do Orzamento Xeral do Concello para 2012 (excepto o importe da previsión da Participación en Tributos do Estado e do Fondo de Cooperación Local)

A partir do informe de situación da economía española de data 20 de xullo de 2012, a Taxa de referencia aos efectos de aplicar a regra de referencia para o ano 2013 é do 1,7. Polo tanto, o Gasto computable actualizado ascende a 8.252.906,54 euros:

GASTO COMPUTABLE (5)	8.114.952,35 €
Taxa de referencia (6)	0,017
GASTO COMPUTABLE ACTUALIZADO (7) ((5)*(6))	8.252.906,54€

Por outra banda, en aplicación dos apartados 4 e 5 do artigo 12, cando de aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os incrementos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Así mesmo, cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse na contía equivalente.

Aplicando ambos apartados calcúlase o Gasto computable máximo (para o exercicio 2013), que ascende a 8.179.906,54 euros:

GASTO COMPUTABLE ACTUALIZADO (7) ((5)*(6))	8.252.906,54 €
Incrementos permanentes de recadación (8)	0,00 €
Diminucións permanentes de recadación (9)	73000,00 €
GASTO COMPUTABLE MÁXIMO (10) ((7)+(8)-(9))	8.179.906,54 €

(9) Diminución da Taxa telefonía móbil (Sentencia Tribunal de Justicia Comunidades Europeas (Sala cuarta), 12 de xullo de 2012): 73.000,00 €

Polo que respecta á coherencia co **obxectivo de estabilidade orzamentaria**, o artigo 3 da LOEOSF dispón que a elaboración dos orzamentos dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei (entre os que se atopan as Corporacións Locais), realízase nun marco de estabilidade orzamentaria. O artigo 11.4 da mesma norma regula a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria para as Corporacións Locais, que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, isto é, **o gasto non financeiro (suma dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos), non poderá superar o importe da previsión de ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 do estado de ingresos).**

Neste sentido, elaborouse a previsión de ingresos do orzamento do exercicio 2013 que se incorpora como anexo –xunto coa xustificación de cada unha das previsións orzamentadas- á presente proposta e do que resulta que os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7) previstos para o exercicio 2013 importarían un total de 9.686.356,75 €. Isto implica que **o gasto non financeiro (suma dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos para o exercicio 2013), non poderá superar o importe da previsión de ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 do estado de ingresos para o exercicio 2013), isto é, non poderá superar a cantidade de 9.686.356,75 euros.**

Así, deberá terse en conta como límite do gasto non financeiro a MENOR DAS DÚAS CANTIDADES ANTES CALCULADAS, para cumprir tanto coa regra de gasto como co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Ademais do anterior, cómpre traer a colación a nota informativa do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas publicada na Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades locais que detalla a información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y sostenibilidad Financiera. Así, convén destacar desta nota o seguinte:

"**La Orden HAP/2105/2012**, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012 (LOEPSF), de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera (en adelante Orden), **establece la obligación de comunicar antes del 31 de enero de cada ejercicio la información de los presupuestos de las Entidades Locales** (art. 15.2), que deberá efectuarse por medios electrónicos a través del sistema que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP) habilite al efecto (art. 5.1).

"...."

2.1 Contenido básico de la comunicación.

El artículo 15.2 de la Orden establece que, antes del 31 de enero de cada ejercicio, las Corporaciones Locales comunicarán la siguiente información:

a) Los presupuestos aprobados y los estados financieros iniciales de todos los sujetos y entidades comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Orden, de las inversiones previstas realizar en ejercicio y en los tres siguientes, con su correspondiente propuesta de financiación y los estados de previsión de movimiento y situación de la deuda.

Si a 31 de enero no se hubiera aprobado el Presupuesto, deberá remitirse el prorrogado con las modificaciones derivadas de las normas reguladoras de la prórroga, hasta la entrada en vigor del nuevo Presupuesto.

b) La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.

c) El informe de la intervención de evaluación del cumplimiento del objetivo de estabilidad, de la regla de gasto y del límite de la deuda.

d) La información relativa a personal recogida en los apartados 1 y 2 del artículo 7.

Esto implica que **la Intervención**, u órgano que ejerza las funciones, de la Corporación Local (artículo 4.1.b), **tiene que comunicar al MINHAP la siguiente información:**

1. De cada una de las entidades comprendidas en el ámbito de aplicación de la Orden, que incluye las Corporaciones Locales, de acuerdo con la definición y delimitación del Sistema Europeo de Cuentas (artículo 2.1) y el resto de entidades dependientes de las Corporaciones locales, no incluidas en el apartado anterior (artículo 2.2):

a) Si la Entidad está sometida a Presupuesto Limitativo/Contabilidad Pública:

- Presupuesto aprobado para el ejercicio 2013 o, en su caso, el prorrogado hasta la aprobación del Presupuesto.
- Inversiones previstas realizar en el ejercicio 2013 y en los tres siguientes.
- Estado de movimientos y situación de la deuda
- Información que permita relacionar el saldo resultante de ingresos/gastos con la capacidad o necesidad de financiación, de acuerdo con el Sistema Europeo de Cuentas (ajustes SEC).
- Información complementaria para análisis de Regla del Gasto.

b) Si la Entidad está sujeta al Plan de Contabilidad de Empresas o a sus adaptaciones sectoriales:

"...."

2. Informe de la Intervención local de cumplimiento de los objetivos de estabilidad, de la regla del gasto y del límite de deuda para el grupo de entidades Sector Administraciones Públicas (Corporación Local de acuerdo con la delimitación SEC).

3. Informe de la Intervención local, individual de cada una de las entidades dependientes de la Corporación Local no clasificadas en el Sector Administraciones Públicas, de cumplimiento de la estabilidad presupuestaria en términos de equilibrio financiero (artículo 3.3 de la Ley 2/2012).

2.2 Forma de realizar la comunicación

De acuerdo con el artículo 5 de la Orden, la obligación de remisión de la información indicada en el punto anterior, se realizará por medios telemáticos.

Para ello se habilitará en la Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales (www.eell.meh.es) el sistema que permita su cumplimiento.

....

2.5.1 Corporación Local. Análisis y evaluación del cumplimiento del objetivo de Estabilidad Presupuestaria (art. 11.4 de la LOEPSF)

Para las Corporaciones Locales (artículo 2.1 de la LOEPSF), se cumple el objetivo de estabilidad presupuestaria, si el conjunto de los presupuestos y estados financieros iniciales de las entidades clasificadas como administraciones públicas que integran la Corporación Local, presenta equilibrio o superávit, en términos de capacidad de financiación, de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas.

Para la medición de la capacidad de financiación de una Entidad, se tendrá en cuenta lo siguiente:

a) Si la Entidad está sometida a Presupuesto Limitativo/Contabilidad Pública, la capacidad o necesidad de financiación se calcula como:

(+)	Ingresos no financieros. Suma de los Ingresos previstos en los Capítulos 1 a 7 del Presupuesto.
(-)	Gastos no financieros. Suma de los Gastos previstos en los Capítulos 1 a 7 del Presupuesto.
(+/-)	Ajustes a aplicar al saldo resultante de los Ingresos y Gastos no financieros del Presupuesto para relacionarlo con la capacidad o necesidad de financiación calculada conforme al SEC. La relación de los ajustes a aplicar y sus importes se recogen en el formulario F.1.1.B1. Para la determinación de los ajustes y su importe, consultar al apartado III "Ajustes entre el saldo presupuestario no financiero y el déficit o superávit de Contabilidad Nacional" del Manual del Cálculo del déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales.

...."

Logo de ver o informe da Intervención municipal de 17 de decembro de 2012 que transcrito di:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DE LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

Antecedentes

-Proposta da Alcaldía de 17/12/2012.

Normativa

-LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira(LOEPSF).

-Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de suministro de información previstas en la LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria y Sostenibilidade Financeira.

-RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ademais do anterior, cómpre citar a nota informativa publicada polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas na Oficina virtual para la coordinación Financiera de las Entidades Locales na web <http://www.minhap.gob.es> relativa á información a comunicar polas entidades locais para o cumprimento das obirgas contempladas na Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

Informe

Primeiro.- O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as **Corporacións Locais aprobarán**, nos seus respectivos ámbitos, **un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto**, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

O artigo 12 desta lei esixe tamén que ás Entidades Locais que a variación do gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo o Ministerio a súa determinación. Así, o 21 de xullo do 2012, o Goberno elevou ó congreso, xunto cos obxetivos de déficit público (0%) e de débeda pública (3.8%) para o periodo 2013-2015, a regra de gasto para os presupostos do 2013, 2014 e 2015, esto é do 1,7%, 1,7% e 2% respectivamente.

Os acordos foron aprobados polo congreso o 24/07/2012 e Senado o 26/07/2012. O incumprimento da regra de gasto no orzamento do 2013 ou orzamento prorrogado do 2012, conleva a obriga de elaborar un plan económico financeiro.

O artigo 2 da LOEPSF, establece cómo se determina o volume de gasto computable.

"2. Se entenderá por **gasto computable** a los efectos previstos en el apartado anterior, los empleos no financieros definidos en términos del Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, excluidos los intereses de la deuda, el gasto no discrecional en prestaciones por desempleo, la parte del gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones Públicas y las transferencias a las Comunidades Autónomas y a las Corporaciones Locales vinculadas a los sistemas de financiación. "

O límite de gasto no financeiro debe ser coherente coa regra de gasto, o que debe verificarse antes de aprobar o presuposto de 2013, e coa prórroga orzamentaria.

Debe **determinarse a regra de gasto**, dacordo co seguinte:

- Debe partirse das previsións de 2012 axustadas (estimacións axustadas do informe de avaliación do cumprimento de estabilidade do orzamento de 2012).
- Deben minorarse destas previsións os intereses da débeda (atendendo a un criterio de prudencia deben deducirse todo o capítulo 3 do orzamento de gastos do 2012).
- Deben minorarse tamén co gasto financiado con fondos finalistas (coa excepción da Participación de Tributos do Estado e Fondo de cooperación Local.)

O gasto computable así calculado debe multiplicarse pola taxa de referencia de crecemento do PIB aprobada para o 2013 (1,7%), e este resultado debe incrementarse cos aumentos permanentes de recadación e minorarse coas diminucións permanentes de recadación. Isto determinará o gasto computable máximo para o exercicio 2013.

Os cálculos efectuados pola Alcaldía na proposta de 17/12/2012 axústanse ó anteriormente descrito, polo que **o gasto computable máximo do orzamento para o exercicio 2013 ascenderá a 8.179.906,54 €.**

Segundo.- O artigo 40 da LOEFSP esixe que ás entidades locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ó Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade e coa regra de gasto.

Neste sentido, establece que **as entidades locais deberán de aprobar un límite de gasto non financeiro coherentes cos obxetivos de estabilidade orzamentaria (0% de déficit para 2013-2015) e a regra de gasto** (1,7%, 1,7% e 2% respectivamente para os exercicios 2013, 2014 e 2015, segundo acordo aprobado polo congreso dos Diputados de 24/07/2012), **que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos.**

Non se indica pola norma cal é o órgano competente para a súa aprobación, non obstante o anterior, e tendo en conta que lle corresponde ó Pleno a aprobación anual dos orzamentos, debe ser, a xuízo desta informante, este órgano o que aprobe o límite de gasto non financeiro.

Para o cálculo de teito de gasto debe tomarse en consideración os ingresos non financeiros previstos para o 2013

(acompañanse neste sentido previsións de ingreso do orzamento do exercicio 2013 coa explicación das bases empregadas para o seu cálculo, que esta Intervención considera suficientemente xustificadas e coherentes atendendo ós datos da contabilidade do exercicio 2012).

O artigo 11.4 da mesma norma regula a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria para as Corporacións Locais, que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, isto é, **o gasto non financeiro (suma dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos), non poderá superar o importe da previsión de ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 do estado de ingresos).** Neste sentido e ós efectos de determinar o teito de gasto considerando, acompañase na proposta da Alcaldía a previsión de ingresos do orzamento do exercicio 2013, e da que resulta que os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7) previstos para o exercicio 2013 importarían un total de 9.686.356.75 €. Isto implica que **o gasto non financeiro** (suma dos capítulos 1 a 7 do estado de

gastos para o exercicio 2013), **non poderá superar o importe da previsión de ingresos non financeiros** (capítulos 1 a 7 do estado de ingresos para o exercicio 2013), isto é, **non poderá superar a cantidade de 9.686.356,75 euros.**

Así, **deberá terse en conta, á hora de determinar o límite do gasto non financeiro do orzamento de 2013 a MENOR DAS DÚAS CANTIDADES ANTES CALCULADAS, para cumprir tanto coa regra de gasto como co obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

O teito de gasto non financeiro será o menor dos dous importes determinados, o de cumprimento da estabilidade orzamentaria (9686356.75 €) e o de cumprimento da regra de gasto (8179906.54 €).

Conclusiones

En conclusión, a proposta elaborada pola Alcaldía de aprobación do teito de gasto para o exercicio 2013 axústase, a xuízo desta Intervención, á legalidade vixente.

Ademais do anterior, esta Intervención considera necesario poner en coñecemento do Pleno da Corporación o seguinte:

A **Orde HAP/2105/2012**, de 1 de outubro, polaa que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 (LOEPSF), de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financiera, **establece a obrigaçión de comunicar antes do 31 de xaneiro de cada exercicio a información dos presupostos das Entidades Locais** (art. 15.2).

A Orde establece que será a Intervención a encargada de suministrar esta información, así antes do 31/01/2013, deberase remitir a seguinte información:

- Presuposto aprobado para o exercicio 2013 ou, no seu caso, o prorrogado ata a aprobación do Presuposto.
- Investimentos previstos realizar no exercicio 2013 e nos tres seguintes.
- Estado de movementos e situación da débeda
- Información que permita relacionar o saldo resultante de ingresos/gastos coa capacidade o necesidade de financiación, dacordo co Sistema Europeo de Cuentas (axustes SEC).
- Información complementaria para análise de Regla do Gasto.

2. Informe de la Intervención local de cumplimiento de los objetivos de estabilidad, de la regla del gasto y del límite de deuda para el grupo de entidades Sector Administraciones Públicas (Corporación Local de acuerdo con la delimitación SEC).

En consecuencia, para poder cumprir as obrigas impostas a esta Intervención faise necesario que coa maior celeridade sexa adoptado polo Pleno da Corporación, e en todo caso, antes do 31 de xaneiro do 2013, acordo de aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2013 coherente coa regra de gasto e estabilidade orzamentaria.

Fene, a 17 de decembro de 2012.
A Interventora
Marta Roca Naveira.”

Polo tanto, o, propónse ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para o Orzamento do Concello da Fene do exercicio 2013 por importe de 8.179.906,54 euros.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal co fin de que a mesma poida cumprir coas obrigas de información ás que se fixo referencia na parte expositiva da presente.

Fene, a 17 de decembro de 2012.

O Alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal.

ANEXO

PREVISION DE INGRESOS NON FINANCIEROS (CAPÍTULOS 1 A 7), 2013

SUB. 13	Descrición	PREVISION 2013	SUMA CAPÍTULO
11200	IBI Rústica	4.600,00	3.903.900,00
11300	IBI Urbana	2.756.000,00	
11400	IBI Caract. Especiais	8.300,00	
11500	IVTM	715.000,00	
11600	IIVTNU	60.000,00	
13000	IAE	360.000,00	
29000	ICIO	55.000,00	55.000,00
32500	Expedicións documentos	4.000,00	1.981.790,00
32501	Exámenes	3.000,00	
32600	Ret. Vehículos, inmob. E transportes esp.	136,00	
31900	Cemiterio municipal	82.500,00	
31300	Prest. Servizos e activ. Deportivas-Culturais	205.000,00	
33900	utilizacion nave formacion+caixeiros automaticos	1.554,00	
32900	Licenzas autotaxis	300,00	
31100	SAF	30.000,00	
32300	Licenzas de apertura	2.500,00	
30300	Taxa pola recollida do lixo	615.000,00	
32100	Taxa licenza de obras	20.900,00	
32901	Tala de árbores	0,00	
32200	Licenzas 1ª ocupación	5.000,00	
30000	Subministro auga	560.000,00	
30100	Serv. Alcantarillado	35.000,00	
33500	Ocupación vía con mesas e sillas	2.900,00	
33700	Solo, vó e subsolo	85.000,00	
33100	Pasaxes permanentes	21.000,00	
33400	Andamios, contenedores, vallas, mudanzas ...	3.000,00	
33300	Taxa telefonía móbil	0,00	
34900	Publicidade Emisora	0,00	
38900	Reintegros exercicios pechados	0,00	
39120	Multas	12.000,00	
39211	Recargo de prema	49.500,00	
39300	Xuros de mora	10.500,00	
39900	Recursos eventuais(ingresos aseguradoras, penalidades demora, etc)	3.000,00	
39901	Ingreso concesionaria compra auga	195.000,00	
33800	Compensacion telefonica	35.000,00	
42000	Participación tributos Estado	2.357.250,00	3.595.659,36
45080	Da administración Xeral da Xunta de Galicia	373.160,43	
46600	Convenios Fegamp (Limpeza CPI, centro saúde)	43.000,00	
45000	Fondos Comunitarios(cooperacion local)	567.522,90	
46100	Deputación Provincial: SUBV.	94.385,00	
46101	Subv. Pos 2013 Gasto corrente	149.861,03	
46200	Aportacións concellos Adolfo Ros	10.480,00	
52000	Xuros de depósitos	700,00	50.100,00
54100	Aluguer fincas urbanas	48.700,00	

C.I.F.: P-1503600-G

55100	concesiones admvas.- nichos	700,00	
	Da administración Xeral da Xunta de Galicia	0,00	
76100	Da Deputación Provincial		99.907,39
	POS 2013	99.907,39	
	TOTAL	9.686.356,75	9.686.356,75
	DESCRIPCIÓN CAPITULO		
	Impostos directos	3903900,00	
	Impostos indirectos	55000,00	
	Taxas e outros ingresos	1981790,00	
	Transferencias Correntes	3595659,36	
	Ingresos patrimoniais	50100,00	
	Enaxenación investimentos	0,00	
	Transferencias de capital	99907,39	
	TOTAL INGRESOS PREVISTOS	9686356,75	

BASES EMPREGADAS PARA A AVALIACIÓN DOS INGRESOS NON FINANCIEROS

O presente documento ten por obxecto, nuns termos moi similares ós informes económicos financeiros que se acompañan ós proxectos de orzamentos, a exposición das bases utilizadas para a avaliación dos ingresos non financeiros do orzamento do exercicio 2013.

En primeiro termo, salienta que polo que respecta ós tributos cuxa recadación se atopa delegada na Deputación Provincial, que a día de hoxe xa se dispón da información da previsión do anticipo da liquidación do exercicio 2012 que a Deputación ingresará neste mes de decembro, polo que as previsións de ingreso foron estimadas tendo en conta esta cuestión.

Analízase a continuación, as bases empregadas para a avaliación dos ingresos de cada un dos capítulos de ingresos non financeiros:

CAPÍTULO 1:

No IBI de natureza rústica (4600.00 euros) consígnanse as previsións de ingresos tomando como referencia os datos da recadación líquida deste imposto no exercicio 2012, toda vez que neste momento xa se coñece os importes do anticipo da liquidación do exercicio que neste mes de decembro nos ingresará a Deputación Provincial.

No IBI de natureza urbana (2756000.00 euros) incrementáanse as previsións de ingresos do exercicio 2012, tendo en conta a recadación líquida efectuada pola Deputación Provincial neste exercicio, e considerando que para o exercicio 2013 manterase o incremento do 10% que se establece no artigo 8.1 a) do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público (BOE nº 315, do 31 de decembro de 2011), en virtude do cal "con efectos para los periodos impositivos que se inicien en los años 2012 y 2013, los tipos de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles aprobados para los bienes inmuebles urbanos con arreglo a lo dispuesto en el artículo 72 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, resultarán incrementados en los siguientes porcentajes:

a) El 10 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,5 por ciento en 2012 y al 0,6 por 100 en 2013.

(...)"

No IBI de bens de características especiais (8300.00 euros) consígnanse as previsións de ingresos tomando como base, ó igual que no caso anterior, a recadación líquida deste imposto no exercicio 2012, en base á información facilitada pola Deputación.

Con respecto ao Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (715.000.00 euros), consígnanse as previsións de ingresos tomando como referencia a recadación líquida do exercicio 2012, toda vez que se trata dun imposto cuxa recadación (íntegra) se atopa delegada no ente provincial.

No Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (60000.00 euros), incrementáanse as previsións de ingresos con respecto ó exercicio 2012, tendo en conta que este ano

2013 vaise continuar a senda iniciada no exercicio 2012 que provocou a adopción de importantes medidas tendentes a mellorar a xestión dos ingresos, fundamentalmente centrándose na potenciación da recadación municipal.

No referente ao IAE (360000,00 euros) , tómase como referencia a recadación líquida deste imposto no exercicio 2012 efectuada polo ente provincial, que mensualmente efectúa en función das porcentaxes de realización dos ingresos

CAPÍTULO 2:

Debe destacarse a gran dificultade que supón a estimación do rendemento do Imposto de construcións, instalacións e obras, tanto porque non existe un padrón anual que sirva de referencia, como a causa do seu comportamento errático en termos históricos. A previsión de ingresos neste concepto (55000,00 €),realízouse tomando en consideración fundamentalmente o grado de execución deste imposto no presente exercicio 2012 (en base ás liquidacións practicadas ata a data así como as devolucións de ingreso efectuadas que afectan a liquidacións realizadas en exercicios anteriores como consecuencia da non execución de obras para as que se obtera a respectiva licencia), todo elo en base á actual situación de crise económica que implica unha minoración importante na recadación deste imposto.

CAPÍTULO 3:

Con respecto ás previsións de ingresos das taxas do servizo de abastecemento de auga (560.000,00 euros), e do servizo de sumidoiros (35.000,00 euros) , tivéronse en conta os dereitos recoñecidos netos do ano 2012, en función dos datos dos padróns elaborados pola empresa concesionaria da xestión do servizo de abastecemento e saneamento de augas residuais.

En relación ás previsións de ingresos da taxa do servizo de recollida do lixo (615000.00 euros) e taxa polo servizo do cemiterio municipal (82.500.00 €), dado que se trata dunhas taxas cuxa recadación se atopa delegada no ente provincial, tomouse como referencia o importe da recadación líquida obtida por estes conceptos no exercicio 2012.

Con respecto ás previsións de ingresos en concepto de taxas por licenzas urbanísticas, para a previsión de ingresos neste concepto (20900.00 euros), que se incrementa con respecto á previsión do exercicio 2012 en 6900,00 €, tomouse como referencia os dereitos recoñecidos netos do exercicio 2012.

En relación ás previsións de ingresos nos restantes subconceptos de taxas, prezos públicos e outros ingresos cómpre destacar, o seguinte:

- 32300: Taxas por outros servizos urbanísticos (2500,00 euros): diminúense as previsións de ingresos, con respecto ás previsións consignadas no exercicio 2012 (6000 €), tendo en conta os dereitos recoñecidos netos no exercicio 2012, todo elo tendo en conta a actual situación de crise económica.
- 32200: Taxas por licencias de primeira ocupación (5.000,00 euros): diminúese a previsión respecto da consignada no ano 2012 (11000,00 €).Calcúlase tendo en conta os dereitos recoñecidos netos no ano 2012 e considerando a actual situación de crise económica que provoca unha contención importante na recadación deste concepto.
- 33700: Taxa por ocupación do solo , obsolo e voo (1.5%) (85000 euros): diminúese a previsión respecto da consignada no ano 2012 en 10000,00 € tomando en consideración a recadación líquida desta taxa como previsión mais prudente.
- 39120: Multas (12.000,00 euros): increméntanse as previsións de ingreso nun 50% mais respecto das consignadas no ano 2012, tendo en conta a recadación líquida por este concepto do exercicio 2012 e considerando a mellora da xestión recadatoria deste concepto trala delegación na Deputación Provincial.
- 39300: Xuros de mora (10500.00 euros): tratándose dun concepto cuxa xestión lle corresponde á Deputación Provincial, a previsión por este concepto realízouse en base á recadación líquida no exercicio 2012.

- 33800: Taxa por compensación Telefónica de España, SA (35000,00 €), diminúense as previsións en 4000 €, tomando como referencia os ingresos realizados pola Administración do Estado no exercicio 2012, toda vez que neste exercicio 2012 se practicaron devolucións de ingresos.
- 33300: Taxa Telefonía móvil (0.00 €). Elimínase a previsión por este concepto (consignada no orzamento de 2012 en 73000,00 €), posto que trala

Sentencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (Sala cuarta), de 12 de xullo de 2012 carece de cobertura legal.

En último termo, e polo que respecta ó resto de subconceptos non citados expresamente neste apartado, e toda vez que non foi aprobado para o exercicio 2013 ningunha modificación de taxas/presos público (actualización co IPC ou outro tipo de modificacións mais sustanciais), a estimación dos conceptos realízase tomando en consideración o grado de execución (recadación líquida) que presentan no ano 2012, a cal se considera a mais prudente en atención á situación de crise económica.

CAPÍTULO 4:

A Participación nos Tributos do Estado prevese, de acordo coa información facilitada pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, cun incremento medio das cantidades percibidas como entregas a conta do 19% sobre as entregas líquidas, isto é, descontados os reintegros correspondentes ás liquidacións de 2008 e 2009, percibidas en 2012. Trátase dun incremento motivado, principalmente, polo incremento de recadación en concepto de Imposto sobre o Valor Engadido. Non se consigna, a diferenza do orzamento do exercicio 2012, ningunha cantidade en concepto de liquidación, atendendo a un criterio de prudencia.

Os ingresos do Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia estímense en termos constantes.

Neste capítulo consígnanse os importes que se prevén percibir da Excm. Deputación Provincial, pola Xunta de Galicia e FEGAMP, no referente ós distintos gastos de carácter corrente (campañas culturais e deportivas, subvencións para a axuda de contratación de personal, voluntariado, programa de educación familiar, drogodependencias, plan concertado ,etc) dacordo co seguinte detalle:

Plan concertado (personal)	45.000,00
PXOUM	28.340,93
Subv. Mantemento xulgado paz	3.200,00
Subv. SAF	252.000,00
Conv. Limpeza camiños forestais	2.619,50
Técnico Local Emprego	14.000,00
Orientador Laboral	28.000,00
Conv. FEGAMP Centros saúde	23.000,00
Conv. FEGAMP CPI Xunqueira	20.000,00
Conv. Serv. Sociais Deput.	44.685,00
Subv. Veran mais alá	15.000,00
Subv. Escolas deportivas	9.000,00
Subv. Promoción Económica	5.000,00
Subv. Rede cultural	5.700,00
Subv. Envelhecimento activo	6.000,00
Subv. Escolas culturais	9.000,00

Ademais, e en tanto que o Concello de Fene lle corresponde organizar no vindeiro ano a carreira popular Memorial Adolfo Ros, consígnase unha previsión de 10480.00 € en concepto das

aportacións do concello de Narón, Ferrol e Neda que lle corresponden realizar ó abeiro do convenio administrativo formalizado.

Destacar, en último termo que igualmente se consigna neste capítulo a parte da previsión da subvención do POS/2013 que no presente exercicio vai adicado ó financiamento de gasto corrente, esto é, 149861.05 euros, equivalente ó 60% da aportación asignada a este concello.

CAPÍTULO 5:

Recolle os ingresos polos alugueres de bens de propiedade municipal (mercado), os ingresos derivados dos xuros das contas bancarias (tendo en conta a baixada dos tipos de xuro) e ingresos por concesións de nichos do cemiterio municipal, tomándose en consideración os ingresos recadados no exercicio 2012 por estes conceptos, e polo que respecta ós ingresos por alugueres coa actualización do IPC.

CAPÍTULO 7:

Engloba as subvencións que se van a percibir para o financiamento de diversos investimentos previstos para realizar no ano 2013 procedentes da Deputación Provincial da Coruña, segundo o seguinte desglose:

- POS 2013: aportación da Deputación Provincial da Coruña por importe de 99907.37 euros para o financiamento dos investimentos incluídos no POS 2013: Saneamento estrada de Laraxe a Souto da Cal (Limodre) por importe de 33178.64 € e Pavimentación en San Valentín entre os bloques XI e XII (Perlío) por importe de 71987.03 euros."

Comeza o turno de intervencións coa da alcaldía que pasa a dar lectura ao seguinte informe emitido pola intervención municipal o 24.12.2012:

<< INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO.- PROPOSTA DE APROBACION DE LIMITE DE GASTO NON FINANCIERO

Con data de 21 de decembro de 2012, e trala celebración da Comisión Informativa de FACenda, esta Intervención ten coñecemento que nesa mesma data é publicada na web <http://www.igae.pap.minhap.gob.es/sitios/igae/es-S/InformesCuentas/Informes/Documents/Manual-AATT/Gu%c3%ada%20Regla%20de%20gasto%20CCLL.pdf>, a "Guía para la determinación de la Regla de gasto del artículo 12 de la Ley Orgánica 2/2012 de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera para corporaciones Locales".

Logo da lectura da mesma, extráese que a aplicación práctica da determinación do gasto computable debe realizarse empregando outra metodoloxía da contida no presente expediente, polo que o procedente é efectuar novos cálculos nos termos en que se pronuncia a IGAE.

O que se informa ós efectos oportunos, en Fene a 24 de decembro de 2012.

A Interventora

Marta Roca Naveira>>

Á vista de dito informe a alcaldía propón que o asunto quede sobre a mesa ao efeto de que a intervención leve a cabo os novos cálculos, proposta que, **sometida a votación, é aprobada pola una unanimidade dos concelleiros.**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Deixar o asunto sobre a mesa.

PUNTO SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DO ANO 2013, (POS 2013), DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada o 21 de decembro de 2012 por 3 votos a favor do grupo do PP, 2 votos en contra do grupo do BNG e 2 abstencións (1 do PSOE e outra do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra “Saneamento Estrada Laraxe a Souto da Cal (Limodre”, asinado por D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, canles e portos RE nº 11346 de 17 de decembro do 2012. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 17 de decembro do 2012. Xúntase tamén escrito asinado polo redactor do proxecto e documento calificado como “acta de replanteo previo” asinada polo redactor do proxecto en data 30 de novembro do 2012.

2 Proxecto de obra “Pavimentación en San Valentín entre Bloques XI e XII (Perlio)”, asinado por D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, canles e portos RE nº 11128 de 12 de decembro do 2012. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 14 de decembro do 2012. Xúntase tamén escrito asinado polo redactor do proxecto e documento calificado como “acta de replanteo previo” asinada polo redactor do proxecto en data 30 de novembro do 2012.

3 Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os proxectos meritados

4 Logo de ver o informe de intervención do 17 de decembro do 2012-anexos 2 das bases reguladoras do POS 2013

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do POS 2013 remata o 28 de decembre do 2012, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- “Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SANEAMENTO ESTRADA LARAXE A SOUTO DA CAL (LIMODRE)	31.519,71	1.658,93	33.178,64
PAVIMENTACIÓN EN SAN VALENTÍN ENTRE BLOQUES XI E XII (PERLIO)	68.387,68	3.599,35	71.987,03
SUBTOTAL OBRAS	99.907,39	5.258,28	105.165,67

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	149.861,03

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	99.907,39	5.258,28	105.165,67
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	149.861,03		149.861,03
T O T A L	249.768,42	5.258,28	255.026,70

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Fene, 17 de decembro do 2012

O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal"

Inicia o turno de intervencións o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que considera que as obras que se inclúen no POS son necesarias, faladas cos veciños e algunha xa iniciada no goberno anterior.

Di que discrepan dos excesivos gastos adicados a gasto corrente, xa que é máis da metade do POS, e son cartos que xa deberían estar no orzamento, máximo cando se permitiu destinar máis a amortizar débeda.

Afirma que o seu grupo nunca foi partidario de adicar gasto corrente ao POS, inda que neste caso vaia adicado ao mantemento da depuradora.

Anuncia a abstención do seu grupo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que pide que o asunto quede sobre a mesa, xa que a Deputación vén de facer un cambio nas condicións do Plan, permitindo a súa solicitude ata o 18 de xaneiro e de forma que os concellos no teñan que facer ningunha aportación, e así se podería aproveitar o 100% para as obras que se tiñan falado, ademais de porque, como se veu no punto anterior da orde do día, hai que recalcular o teito de gasto e probablemente haxa máis cartos para destinar a obras.

Finaliza o turno de intervencións, a voceira do grupo mixto, dona M^a Carmen Martínez Rodríguez, que considera que se hai máis prazo para solicitar o POS poderíase falar de novo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado co voto de calidade da alcaldía unha vez obtidas en primeira e segunda votación 6 votos a favor do grupo do PP, 6 votos en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 4 abstencións do grupo socialista.

Á vista do resultado da votación, o plen acorda:

1.- "Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SANEAMENTO ESTRADA LARAXE A SOUTO DA CAL (LIMODRE)	31.519,71	1.658,93	33.178,64
PAVIMENTACIÓN EN SAN VALENTÍN ENTRE BLOQUES XI E XII (PERLIO)	68.387,68	3.599,35	71.987,03
SUBTOTAL OBRAS	99.907,39	5.258,28	105.165,67

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	149.861,03

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	99.907,39	5.258,28	105.165,67
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	149.861,03		149.861,03
T O T A L	249.768,42	5.258,28	255.026,70

2.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 9:20 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

DILIXENZA: Póñoa eu, secretaria, para dar fe de que a presente acta foi aprobada en sesión de 10.1.2013 retificando a relación de asistentes de tal forma que se dá constancia da non asistencia do concelleiro don José Antonio López Rodríguez.

A secretaria